

EXPEDIENTE:	2023/00052923G
PROCEDEMENTO:	P1 - Previo de necesidades
DESCRICIÓN	EXPEDIENTE DE ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DE SERVIZOS PARA A PRESTACIÓN INTEGRAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO TERMINO MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece no seu artigo 25.2 k) que os concellos deben exercer competencias en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles aos poderes públicos garantir este dereito para posibilitar así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española. Conforme a dita lei o sistema galego de servizos sociais estrutúrase en forma de rede, conforme a dous niveles de actuación:

- **Servizos sociais comunitarios**, que comprenden, á súa vez, dúas modalidades: servizos sociais comunitarios básicos y servizos sociais comunitarios específicos, e
- **Servizos sociais especializados.**

Os servizos sociais comunitarios básicos (de obrigado cumprimento por parte dos concellos) teñen un carácter local, aberto, esencial e polivalente, e constitúen a vía normal de acceso ao sistema de servizos sociais, garantindo a universalidade do sistema e a súa proximidade ás persoas usuarias e aos ámbitos familiar e social. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a XESTIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte de aplicación. No Capítulo II da mencionada lei define o catálogo de servizos sociais e establece que dentro dos servizos e actuacións de natureza material ou tecnolóxica está A AXUDA NO FOGAR, consistente en ofrecer un conxunto de atencións a persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento no seu contorno habitual.

O Servizo Público de Axuda no Fogar configúrase como unha prestación do Sistema público de Benestar Social establecida na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de Dependencia, así como na normativa estatal e galega que a desenvolve, e que fixo necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedimentais e organizativos de axuda no fogar, de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Concello de Santiago de Compostela dispón da correspondente obtención da autorización de inicio de actividades nos termos que se sinalan no Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais. Así, con data 23 de xullo de 2010 a Secretaría xeral de Familia e Benestar ditou Resolución de AUTORIZACIÓN DE INICIO DE ACTIVIDADES POLO PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, e ordenouse a anotación desta autorización no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número de identificación E-562/P.0001.

O art. 14 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais e comunitarios e seu financiamento establece o contido do servizo de axuda no fogar, que consiste na implementación de actuacións de carácter básico e servizos de carácter complementario. O SAF é un servizo obrigado de titularidade municipal e de competencia da Área de Acción Social. Dito servizo se presta polo Concello de forma indirecta, mediante a contratación administrativa para a súa prestación con empresas especializadas na materia.

O Decreto 149/2013 de 5 de setembro, da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, define *“a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo”* e regula no:

- Artigo 1: *“Constitúe o obxecto da presente norma: ...2 A determinación do sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do custo dos servizos, cando estes sexan prestados pola Administración xeral da CA de Galicia, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar ou ben, no caso do servizo de axuda no fogar de titularidade municipal, cando este sexa prestado pola Administración Local”.*
- Artigo 2.2: *“A participación no financiamento poderá esixirse tanto cando os servizos sexan xestionados directamente como de xeito indirecto, a través das diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, establecidas na normativa reguladora dos contratos do sector público”.*

Esa normativa autonómica obrigou ao cambio da Ordenanza municipal do SAF en canto regula os requisitos e condicións da prestación do servizo municipal de axuda no fogar; isto é, a Ordenanza Reguladora do Servizo Municipal de Axuda no Fogar do Concello de Santiago de Compostela, aprobada por acordo do Pleno da Corporación o día 30/01/2014 (BOP da Coruña do 7/02/2014) e a Ordenanza 3.30 Taxa Pola Prestación do Servizo de Axuda no Fogar (BOP da Coruña do 7/02/2014).

O concello de Santiago de Compostela, con data 28 de maio de 2021, asinou coa empresa “SERVISAR SERVICIOS SOCIALES S.L.”, un contrato para a prestación integral do Servizo de Axuda no Fogar no termo municipal de Santiago de Compostela (CON/11/2020) por un importe de 17,32 €/hora (IVE aparte do 4 %: 0,69 €/hora). Este contrato ascendía ao importe total de 9.240.144,24 € (distribuídos no seguinte período temporal: xuño de 2021 ata maio de 2024). Tal e como recolle o apartado cuarto do mencionado contrato *“(…) Cuarto.- A duración do contrato será de 3 anos, que se*

contarán a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de inicio do servizos. Este contrato poderase prorrogar expresamente por outro ano mais e deberá ser acordada, por mutuo acordo e antes do remate do contrato (...). Este contrato iniciouse o 1 de xuño de 2021 e ten como data de remate, o vindeiro 31 de maio de 2024, sendo vontade deste concello non recorrer á prorroga do mesmo.

Posteriormente, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 30 de setembro de 2022, aprobou a ampliación do mencionado contrato, comprometendo un gasto complementario por importe de 1.001.095, 89 €.

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 establece:

“Artigo 28. Necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación.

1.As entidades do sector público non poderán subscribir outros contratos que aqueles que sexan necesarios para cumprir e realizar os seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación.”

DATOS PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

1. UNIDADE RESPONSABLE DO SEGUIMENTO E SUPERVISIÓN DA CONTRATACIÓN

CENTRO XESTOR PROPOÑENTE	
CLAVE	20
DENOMINACIÓN	SERVIZOS SOCIAIS
PERSONA RESPONSABLE DO SEGUIMENTO	
NOME	MARÍA TERESA FURELOS TORAL
CARGO	XEFA DE SERVIZO DA ÁREA DE ACCIÓN SOCIAL

2. CONTRATO SARA:

X	Si
	Non

2.1. DIRECTIVA DE APLICACIÓN:

	Directiva 2014/23/EU - relativa á adxudicación de contratos de
--	--

	concesión
<input checked="" type="checkbox"/>	Directiva 2014/24/EU - sobre Contratación Pública
<input type="checkbox"/>	Directiva 2009/81/EC - relativa á adxudicación de contratos de subministración, servizos e obras no ámbito da defensa e a seguridade
<input type="checkbox"/>	Non aplica

3. TIPO DE CONTRATO:

<input type="checkbox"/>	Subministración
<input checked="" type="checkbox"/>	Servizos
<input type="checkbox"/>	Obras
<input type="checkbox"/>	Administrativo especial
<input type="checkbox"/>	Privado
<input type="checkbox"/>	Xestión de Servizos Públicos
<input type="checkbox"/>	Concesión de Servizos
<input type="checkbox"/>	Concesión de Obras Públicas
<input type="checkbox"/>	Concesión de Obras
<input type="checkbox"/>	Colaboración entre o sector público e o sector privado Patrimonial

4. SUBTIPO DO CONTRATO :

5. OBXECTO DO CONTRATO

É **obxecto** do contrato a prestación integral do servizo de axuda no fogar realizado preferentemente no domicilio, que proporciona, mediante persoal cualificado e supervisado, un conxunto de actuacións preventivas, formativas, rehabilitadoras e de atención ás persoas e unidades de convivencia con dificultades para permanecer ou desenvolverse no seu medio habitual.

O servizo de axuda no fogar, nas súas modalidades de prestación básica e de atención á dependencia pretende unha atención integral ás persoas usuarias para dar resposta á totalidade das necesidades da persoa e na que destaca o carácter educativo e preventivo de todas as actuacións, conforme aos requirimentos técnicos establecidos no prego de prescricións técnicas e baixo a dirección e control públicos que serán efectuados polo departamento municipal competente en materia de benestar social.

6. NECESIDADES QUE SE PRETENDEN CUBRIR

*O Decreto 99/2012, de 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, **obriga a todos os concellos** de Galicia a ter establecido o servizo social comunitario básico de axuda a domicilio, establecendo no seu art. 17 que o acceso ao **servizo será prioritario e directo** para persoas ás que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asignase a axuda a domicilio na correspondente resolución do programa individual de atención.*

Esta norma **obriga aos concellos** titulares do servizo a proceder “a dar de alta ás persoas en espera de acordo coa orde de prelación establecido no programa de asignación de recursos” para a modalidade do Servizo de Axuda no Fogar por “dependencia”.

O número de horas de servizo que o *Concello* terá que **obrigatoriamente** prestar por mandato deste Decreto 99/2012 é fixado pola Consellería de Política Social. Este

número de horas pode variar substancialmente, polo que é necesario que o contrato prevea unha ampla marxe de modificación para atender esta obriga da prestación do servizo.

O crecente envellecemento da poboación neste municipio (23,55 % das veciñas e veciños residentes en Compostela, segundo a análise realizada a partires dos datos facilitados polo Departamento municipal de Estatística, dos cales o 19,78 % son persoas maiores que residen soas) supón que a demanda do servizo de axuda a domicilio básico (tamén coñecido como “*libre concorrencia*”), sexa tamén crecente debendo este Concello artellar os mecanismos para dar unha resposta adecuada a tal necesidade

É intención do Servizo de Acción Social, e en concreto do Departamento de Servizos Sociais, dar resposta ás necesidades da cidadanía así como poder dar de alta ao maior número das persoas que se atopan na lista de agarda desta prestación social. Na actualidade, o número de persoas que se atopan nas listas de agarda é importante (112 na de “*dependencia*” e 31 na de “*libre concorrencia*”, o que fai un total de 143 persoas. Isto trae como consecuencia, a necesidade imperiosa de **LICITACIÓN** para a prestación do servizo de **Axuda no Fogar (SAF)**, que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia na súa contorna habitual, especialmente naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía ou noutras situacións de risco social para as que resulte un recurso idóneo. Este expediente deberá tramitarse á maior brevidade posible.

Para ese efecto, por esta unidade técnica procedeuse á redacción do prego de **prescricións técnicas** regulador do servizo en cumprimento dos art. 116 e 133 do TRLCSP, tendo en consideración as esixencias que sobre a súa natureza, contido, modalidades de acceso, etc., constan na normativa en materia de servizos sociais mencionada e analizada con anterioridade.

O contrato coa empresa Servisar finaliza o día 31/05/2024.

A presente tramitación ten **CARACTER ESENCIAL** e **OBRIGATORIA** para o Concello, e resulta imprescindible a tramitación do expediente con carácter de **URXENCIA** e de maneira **ANTICIPADA** tal e como expón o vixente artigo 29 da BEO: ... “*poderase tramitar anticipadamente expedientes de gasto1 poderanse tramitar expedientes de gasto condicionados á entrada en vigor dos orzamentos...*”

O **interese público** do Programa Municipal de Axuda no Fogar queda de manifesto polo seu propio obxecto e por ser unha das prestacións básicas do sistema de servizos sociais que está destinada a **garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia** (consistente en **ofrecer un conxunto de atencións a persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento no seu contorno habitual** nos termos establecidos na normativa que resulte de aplicación).

Na actualidade esta prestación está lonxe de ofrecer a plena cobertura ás potenciais necesidades da veciñanza, e conqwerila é un dos principais obxectivos das políticas sociais deste concello e dos profesionais que conforman este sistema.

Coa implementación deste servizo preténdense dar cobertura ás atencións recollidas na propia Ordenanza municipal do Servizo de Axuda no Fogar que fan referencia a atencións de carácter persoal e doméstico, propias das actividades básicas da vida diaria no propio domicilio así como acompañamento persoal na realización doutras actividades complementarias.

7. DECLARACIÓN INSUFICIENCIA DE MEDIOS

O Departamento de Servizos Sociais do concello de Santiago de Compostela non ten persoal suficiente nin coa formación precisa para asumir o desenvolvemento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) nin tampouco coa dispoñibilidade horaria que precisa a prestación do servizo

8. COMPRA PÚBLICA INNOVADORA:

<input checked="" type="checkbox"/>	Non
<input type="checkbox"/>	Compra Pública de Tecnoloxía Innovadora
<input type="checkbox"/>	Compra Pública Precomercial

9. PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN

<input checked="" type="checkbox"/>	Aberto
<input type="checkbox"/>	Aberto simplificado
<input type="checkbox"/>	Asociación para a innovación
<input type="checkbox"/>	Baseado en Acordo Marco
<input type="checkbox"/>	Baseado en sistema dinámico de adquisición
<input type="checkbox"/>	Concurso de proxectos
<input type="checkbox"/>	Contrato menor
<input type="checkbox"/>	Derivado de asociación para a innovación
<input type="checkbox"/>	Diálogo competitivo
<input type="checkbox"/>	Licitación con negociación
<input type="checkbox"/>	Negociado con publicidade
<input type="checkbox"/>	Negociado sen publicidade Restringido

10. SISTEMA DE CONTRATACIÓN

		Contrato baseado nun Acordo Marco
		Contrato baseado nun Sistema Dinámico de Adquisición
		Establecemento do Acordo Marco
		Establecemento do Sistema Dinámico de Adquisición
	X	Non aplica

11. TIPO TRAMITACIÓN

		Emerxencia
	X	Ordinaria
		Urxente

12. NOMENCLATURA (CPV)

[Escribir Aquí]

13. TRAMITACIÓN DO GASTO

		Ordinaria
	X	Anticipada

14. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

Valor estimado do contrato	12.233.143,00	euros
Valor estimado da prórroga (1 ano)	6.116.571,50	euros
Total contrato e prórroga	18.349.714,50	euros
Modificacións previstas 20 %	3.669.942,90	euros
TOTAL DO VALOR ESTIMADO	22.019.657,40	euros

15. TIPO MÁXIMO DE LICITACIÓN

Prezo base	12.233.143,00	€
XX % de Gastos Xerais (no caso de obras)		€
X % de Beneficio Industrial (no caso de obras)		€
Tipo de licitación		€
(4)% de I.V.A.	489.325,72	€
TOTAL	12.722.468,72	€

16. PARTIDA ORZAMENTARIA

Nº Aplicación orzamentaria	<u>020/23100/2270300, ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA. DEPENDENTES. CONTRATO PRESTACIÓN DE SERVICIOS/ período 2024 á 2026</u>
----------------------------	--

O importe resultante desta contratación irá con cargo aos orzamentos do concello de Santiago de Compostela, aplicación orzamentaria 020/23100/2270300, ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA. DEPENDENTES. CONTRATO PRESTACIÓN DE SERVICIOS/ período 2024 á 2026, desglosándose do seguinte xeito por anualidades:

ANUALIDADE	Nº de horas	SEN IVE		CON IVE (4 %)	
		Prezo hora sen IVE	Total sen IVE	Prezo hora con IVE	Total con IVE
ANO 2024 (7 meses, de xuño a decembro de 2024)	152.407,75	23,53 €	3.586.154,36 €	24,47 €	3.729.600,53 €
ANO 2025 (anualidade completa)	259.947,79	23,53 €	6.116.571,50 €	24,47 €	6.361.234,36 €
ANO 2026 (5 meses, de xaneiro a maio de 2026)	107.540,04	23,53 €	2.530.417,14 €	24,47 €	2.631.633,83 €
TOTAIS	519.895,58		12.233.143,00 €		12.722.468,72 €

17. FINANCIACIÓN UE OU OUTRA

<input type="checkbox"/>	Si	Nome do Plan:	EscribirAquí
<input checked="" type="checkbox"/>	Non		

18. DIVISIÓN POR LOTES

<input type="checkbox"/>	Si
<input checked="" type="checkbox"/>	Non

18.1. XUSTIFICACIÓN DA NON PROCEDENCIA DA DIVISIÓN POR LOTES

A Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello de 26 de febreiro de 2014 sobre contratación pública e pola que se derroga a Directiva 2004/18/CE (DO L 94, de 28 de marzo de 2014), no artigo 46 fai constar o seguinte: "46.1.- Os poderes adjudicadores poderán optar por adjudicar un contrato en forma de lotes separados e poderán decidir o tamaño e o obxecto dos devanditos lotes. Excepto no caso dos contratos cuxa división resulte obrigatoria en virtude do apartado 4 do presente artigo, os poderes adjudicadores indicarán as principais razóns polas cales decidiron non subdividir en lotes. A devandita decisión incluírase nos pregos de contratación ou no informe específicos aos que se refire o artigo 84".

A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, no artigo 99 establece o seguinte: "99.3.- Sempre que a natureza ou o obxecto do contrato o permita, deberá preverse a realización independente de cada unha das súas partes mediante a división en lotes. Non obstante ao anterior, o órgano de contratación poderá non dividir en

lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente, agás nos casos de contratos de concesión de obras”.

Que dando cumprimento ao establecido no artigo 46.1 da Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello de 26 de febreiro de 2014 sobre contratación pública e pola que se derroga a Directiva 2004/18/CE e no artigo 99.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, infórmase o seguinte:

- Experiencias anteriores na prestación deste servizo (algunha delas con dúas empresas adjudicatarias), púidose constatar que si ben, a división en lotes, pode propiciar nun momento dado a maior participación das empresas na implementación do servizo (aspecto positivo dende a óptica mercantil, que favorece a incorporación de medianas empresas na execución do SAF), apostando por unha diversificación, pola contra, tamén existen importantes dificultades, inherentes ás propias características do servizo de axuda no fogar, que se poderían solventar si existe unha única empresa que o preste.
- A Xunta de Galicia é a Administración Pública determina semanalmente a listaxe de persoas que poden acceder ao SAF na modalidade de “*dependencia*” (listado PAR SAF). A existencia de dous lotes, dependendo da realidade social do momento, pode ocasionar que se poidan dar altas nun deles e non no outro, por terse chegado ao teito económico de contrato. Isto ocasiona que a veciñanza de Santiago de Compostela non se atope en condicións de “*igualdade*”, nun momento dado, para o acceso efectivo ao servizo. A Xunta de Galicia, en inspección realizada ao departamento municipal de Servizos Sociais con data 20 de outubro de 2023, reitera a necesidade de dar as altas efectivas no servizo con estrita suxección á listaxe de PAR SAF que se publica semanalmente no aplicativo SIGAD.
- No mesmo caso se atopan as persoas que solicitan o SAF na modalidade de “*libre concorrencia*”. O teito do contrato en ámbolos dous lotes vai condicionar a posibilidade de acceder ou non. Isto provocou que nunha determinada zona do concello se puidera acceder ao servizo e que noutra, pertencente a este mesmo termo municipal, fora imposible, xerando “*desigualdade*”.
- A realidade social da veciñanza, a necesidade de recibir servizos de proximidade (como é o servizo de axuda no fogar) para garantir o seu benestar e as urxencias vitais nas que compre intervir, non se poden prever no tempo.
- Por último, indicar que as horas que ten asignadas a Xunta de Galicia ao concello de Santiago de Compostela en materia de “*dependencia*” están esgotadas (10.529 horas/mes). É vontade deste concello solicitar unha ampliación do número de horas á Xunta de Galicia para ampliar a necesaria modalidade de “*SAF dependencia*”, tendo presente a lista de espera que existe na actualidade (e que xa supera as 100 persoas). Para poder ampliar o número de horas, ademais da debida concesión por parte da Administración Autonómica, o concello de Santiago de Compostela debe dispor dun contrato cun teito amplo que permita dar cobertura a esa intensidade horaria.

Polo exposto e tendo presente a necesidade de dispor dun servizo municipal de axuda no fogar capaz de dar resposta áxil e eficiente ás necesidades sociais da veciñanza (en especial, daquelas persoas que se atopan nunha situación de vulnerabilidade social), en condicións de igualdade dentro do mesmo termo municipal, dende o Departamento municipal de Servizos Sociais **estímase procedente a licitación do contrato de axuda no fogar sen recorrer á división en lotes**, xustificando esa

decisión no establecido no art. 99.b da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que establece como “*motivo válido*” para a toma desta decisión “O feito de que, a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultara a correcta execución do mesmo dende o punto de vista técnico”.

19. FÓRMULA REVISIÓN DE PREZOS:

		Si
	X	Non

20. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA E OUTROS REQUISITOS DE SOLVENCIA TÉCNICA

OBRIGATORIA	Si	
	Non	X

Clasificación:

[EscribirAquí]

Outros requisitos de solvencia técnica

[EscribirAquí]

21. EMPRAZAMENTO

As persoas usuarias deste servizo deben estar empadroadas e ter fixada a súa residencia no termo municipal de Santiago de Compostela, cos seus domicilios neste ámbito territorial.

22. DIRECCIÓN

[Na localidade de Santiago de Compostela. A Coruña]

23. PRAZOS DE EXECUCIÓN MÁXIMOS E PRÓRROGAS

PRAZO EXECUCIÓN		POSIBLES PRÓRROGAS	
Días		Días	
Anos	2	Anos	1
Meses		Meses	

24. CONDICIONES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DEL CONTRATO

<input checked="" type="checkbox"/>	Consideracións de tipo medioambiental
<input checked="" type="checkbox"/>	Promover o emprego de persoas con dificultades particulares de inserción no mercado laboral
<input checked="" type="checkbox"/>	Eliminar desigualdades entre home e muller
<input checked="" type="checkbox"/>	Combater o paro
<input checked="" type="checkbox"/>	Favorecer a formación no lugar de traballo

<input checked="" type="checkbox"/>	Cumprimento das Convencións fundamentais da Organización Mundial do Traballo
<input checked="" type="checkbox"/>	Sometemento do contratista á normativa de protección de datos

Serán **condicións especiais para a execución do contrato** do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes:

- A empresa contratista garantirá condicións para a igualdade da muller e do home na execución do contrato, realizará un uso non sexista da linguaxe na documentación, publicidade, imaxe ou materiais, evitará calquera imaxe discriminatoria das mulleres ou estereotipos sexistas e fomentará unha imaxe con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, corresponsabilidade e pluralidade de roles e identidades de xénero.
- Así mesmo, a igualdade entre mulleres e homes no trato, no acceso ao emprego, clasificación profesional, promoción, permanencia, formación, extinción, retribucións, calidade e estabilidade laboral, duración e ordenación da xornada laboral.
- Se para a execución do contrato é necesaria unha contratación nova de persoal e a empresa contratista ou subcontratista conta cunha representación desequilibrada de mulleres no seu cadro de persoal, deberá dar preferencia á contratación de mulleres durante toda a súa vixencia. Entenderase por cadro de persoal desequilibrado aquel que conte cunha representación ou presenza de mulleres inferior ao 50 % do total.
- Igualmente, no caso de novas incorporacións, xa sexa por substitucións de persoas traballadoras ou porque sexan preciso incorporar para o axeitado desenvolvemento do contrato, a empresa adxudicataria deberá contratar preferentemente a persoas en situación de desemprego, persoas maiores de 45 anos, persoas mozas en busca do primeiro emprego e/ou persoas con dificultades para a inserción sociolaboral.
- As empresas acreditarán o cumprimento destas esixencias aportando a documentación necesaria unha vez formalizado o contrato e antes do inicio efectivo da súa execución.
- A entidade adxudicataria deberá implementar, durante o período de prestación do servizo, medidas de conciliación da vida laboral e familiar. Obrigatoriamente deberán incluír melloras sobre a redución de xornadas, excedencias, licencias ou permisos de maternidade / paternidade, así como de flexibilización, adaptación ou reasignación de servizos e horarios en función das necesidades de conciliación, sempre que sexan compatibles coas necesidades de desenvolvemento do programa, dentro dun servizo que ten como modelo centralizador “as *necesidades da persoa beneficiaria*” (persoas usuarias do Servizo de Axuda no Fogar en situación de vulnerabilidade social). A súa planificación deberá ser comunicada ao concello de Santiago de Compostela no prazo máximo dun mes dende a formalización do contrato.

- Todas as condicións especiais de execución que formen parte do contrato será esixidas igualmente a todos os subcontratistas que participen na súa execución.
- O incumprimento destas condicións considerarase unha infracción moi grave ao abeiro do disposto no presente prego.

25. SUBCONTRATACIÓN :

<input type="checkbox"/>	Si	Porcentaxe:	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/>	Non		

26. ABOAMENTOS Á EMPRESA CONTRATISTA

<input type="checkbox"/>	Pago ÚNICO
<input checked="" type="checkbox"/>	Pago mensual
<input type="checkbox"/>	Pago trimestral
<input type="checkbox"/>	Pago por fases executadas
<input type="checkbox"/>	Outras formas

Firma paso 1

paso 2

